DOCUMENTO TÉCNICO

Galego

Unit 2

Simple Past vs Present Perfect
Sinead o'Connor: Nothing compares 2U
Vocabulary: Extreme Sports
Mini quest: Adventure trip
Skeletal & Muscular systems
Real English: Emergency calls
Mind Twisters

BAUTISTA RAMOS SAIÑAS

CC BY NC SA

1. - Requisitos:

Para a execución desta Unidade Didáctica unicamente é necesario un ordenador cun navegador web que cumpra os últimos estándares como Mozilla Firefox, Chrome, Opera ou Safari, ha de estar instalado o plugin de Flash, así mesmo debe ter o Adobe Reader para poder ler os arquivos pdf, e javascript debe de estar activado. O sistema operativo é indiferente e a resolución mínima da pantalla ha de ser 1024 x 768 pixeis. A conexión a internet unicamente é necesaria para realizar os exercicios do apartado "speech recognition" e se queremos visitar os enlaces propostos nalgún apartados (como a sección de recursos da Webquest ou os enlaces nos paquetes de actividades) ou para levar a cabo o traballo colaborativo. O resto da Unidade é totalmente operativa aínda que non exista esa conexión.

2. - Instalación e posta en marcha:

Pode optar por dúas formas:

2.1. - Local: A aplicación funcionará con tan só copiar a carpeta na que se atopan todos os ficheiros da Unidade a un lugar do seu ordenador. Lembre que se a Unidade foi obtida nun ficheiro zip, evidentemente debe descomprimir todo o seu contido. Nesa carpeta atopará un ficheiro chamado "index.htm", faga dobre-clic nel e o navegador do seu ordenador debería abrirse coa Unidade. Teña presente que desta forma pode acceder a todo o contido e actividades agás as que precisen obrigatoriamente dunha conexión online, como as actividades de recoñecemento de voz ou os apartados "Collaborative Task" que non estarán dispoñibles sen conexión.

NOTA: Usuarios/as de Google Chrome, Maxthon e Opera: Para a visión completa da unidade neste navegador en local, debe estar aberto cos permisos de acceso a arquivos e directorios para elo debe de ser executado cos parámetros " --allow-file-access-from-files " (sen as comiñas; fíxese que debe copiar tamén o espazo inmediatamente seguinte a primeira comiña). Copie esta orde, prema co botón dereito no acceso directo destes navegadores, escolla propiedades e pegue a orde anterior ao final da liña "***Destino***". Isto **só é necesario para a súa execución en local.**

Aínda que é totalmente operativa, esta forma non é a máis recomendada para o traballo nunha aula xa que tería que copiar esta carpeta en cada un dos ordenadores que utilice o seu alumnado.

2.2. - Servidor web: En calquera das súas posibilidades, dentro dunha intranet (servidor de contidos do centro) así como en internet, o proceso é moi simple, deberá de copiar ou subir por FTP a carpeta da Unidade ao servidor unha vez alí estaría lista para ser accedida dende calquera ordenador conectado á rede, con tan só escribir na dirección algo como "http://www.oseuservidor.com/ud2/" ou ben "http://www.oseuservidor.com/ud2/index.htm" onde "ud2" é o nome da carpeta que subiu ao servidor. **Esta é a opción máis recomendada**.

3. – As actividades de recoñecemento de voz: ("Speech Recognition")

Estas actividades precisan, tal e como comentamos anteriormente, conexión a internet para ser executadas, posto que neste caso úsase un script de Google que permite recoñecer os sons pronunciados e contrastalos cunha base de datos dentro do propio Google. Ademais, débese conceder permisos para o uso do micrófono, tal e como se pode ver na imaxe inferior:

Polo momento, estas actividades só poden ser realizadas co navegador Google Chrome, ou navegadores cun motor similar como pode ser Maxthon. Aínda así, decidín incluílas pola súa relevancia para a adquisición da destreza "produción oral" e pola boa aceptación deste tipo de actividades por parte do alumnado nas unidades creadas durante licenzas anteriores.

4.- As ventás emerxentes:

A maioría dos paquetes de actividades están configuradas para aparecer nunha ventá emerxente, posto que así resulta moi sinxelo regresar ao espazo principal e consultar as guías didácticas ou os "pictionary", para resolver as dúbidas que poidan aparecer. Teña presente que a maioría dos navegadores están configurados por defecto para

non permitir a apertura de xanelas emerxentes por parte dun script, polo que sempre que o usuario cometa un erro, aparecería una barra de advertencia ou unha mensaxe dicindo que se bloqueou un pop-up:

En Google Chrome:

En Mozilla Firefox:

Neses casos habería que facer clic na icona ou botón correspondentes para abrir un cadro de diálogo e indicarlle ao navegador a opción “permitir sempre”:



Para evitar todas estas molestias cada vez que o usuario teña algún tipo de erro, debemos configurar o navegador para que permita por defecto a apertura de xanelas emerxentes. Dependendo do navegador en uso, teremos que facelo dunha ou outra maneira, pero na maioría dos navegadores bastará con ir ao menú de configuración e buscar no sitio adecuado.

Por exemplo: en Mozilla Firefox accederemos ó menú “Ferramentas > Opcións”. Na nova páxina que se abre, na parte esquerda seleccionamos “Privacidade e seguridade” e na parte dereita usamos a barra de desprazamento ata atopar a sección “Permisos” e nela a casa “Bloquear xanelas emerxentes”:



Desmarcando esa casa, as ventás emerxentes abriranse sen problema.

5. – Abrir as ligazóns dos pdfs nunha nova ventá:

É frecuente que desde un sitio fagamos clic nalgunha ligazón e que nos leve a outra páxina, algo que ademais podemos repetir en varias ocasións. Se esta navegación vaise realizando desde a mesma pestana do navegador, isto provoca que cando queiramos volver a outra páxina xa non esté dispoñible a menos que usemos o botón de “volver atrás”.

No caso de inserir unha ligazón nun pdf, esta vaise abrir por defecto na mesma ventá. Se vostede desexa abrila nunha ventá nova, para ter sempre “a man” a unidade, pode optar polas seguintes opcións:

a) Usar o botón dereito do rato e escoller a opción “abrir nunha nova ventá”.
b) Manter pulsada a tecla “Ctrl” e facendo clic co rato sobre a ligazón.
c) No caso de “Firefox” pode seguir os seguintes pasos:
   - Escriba no navegador “about:config” e prema “Enter”.
   - Prema no botón “Acepto os riscos”.
   - Localice a entrada **pdfjs.externalLinkTarget**
   - Faga dobre clic na xanela que se abre e escriba o número 2:



Dese xeito (unha vez reiniciado o navegador) as ligazóns que conteña un pdf abriranse sempre nunha nova xanela.

6. - Preparación para os traballos colectivos:

Se se desexa que o alumnado poida mostrar o seu traballo xunto co do resto de alumnos deberá realizar uns pequenos e sinxelos cambios nos arquivos que se detallan a continuación. Preste especial atención aos cambios que debe realizar **OBRIGATORIAMENTE** para non poñer en risco a seguridade do servidor.

NOTA: O autor NON se fai responsable de ningún tipo de dano que o uso ou modificación de calquera ficheiro desta unidade puidese causar. O usuario no momento de instalalo así o recoñece.

Primeiro: Dentro da carpeta da unidade busque unha carpeta chamada "**stu3A"** e realice os seguintes pasos:

6.1. - Conta do profesor (administrador):

A Unidade subminístrase cunha conta para o profesor, quen ten a potestade de poder acceder a calquera das entradas realizadas, editar os contidos e/ou borralos; é moi importante que modifique este dato antes de subir todos os arquivos ao seu servidor.

Busque, dentro da carpeta da unidade as carpetas “Filemanager3” ou “GaliciaX”; localice unha carpeta chamada "stu3A", dentro dela hai un arquivo chamado "stu3A.php", abra este arquivo cun "editor de textos plano", en Windows ou "caderno de notas", Ubuntu "Gedit” ou “Editor de texto" ... No arquivo aberto verá algo así:

```
<?php
// Created by Ardora www.webardora.net
$slogin_user[2]="Teacher";
$slogin_pass[2]="teach";
$slogin_name[2]="Teacher 01";
$slogin_curs[2]="-";
$slogin_grup[2]="-";
$slogin_profe[2]="profe";
```

Fíxese na liña: `$slogin_user[2]="teacher";` borre a palabra `teacher` (non borre as comiñas) e escriba o seu nome de usuario, debe ser único, quere dicir non debe de coincidir con ningún doutros usuarios (máis adiante coméntase isto). NON utilice acentos, eñes nin espazos en branco.

A seguinte liña: `$slogin_pass[2]="teach";` é a relativa ao contrasinal, substitúa `teach` pola que vostede desexe, recorde o de acentos, eñes, ou espazos en branco. Na liña: `$slogin_name[2]="Teacher 01";` poderá cambiar `Teacher 01` polo seu nome real. Para o profesor NON modifique nada máis.

Podería quedar algo como:

```
$slogin_user[2]="Tom";
$slogin_pass[2]="1234";
$slogin_name[2]="Tom Smith";
$slogin_curs[2]="-";
$slogin_grup[2]="-";
$slogin_profe[2]="profe";
```

Non peche aínda o arquivo pois deberá modificar as contas do alumnado.

6.2. - Contas do alumnado:

Por defecto hai dez alumnos: student1, student2... student10.

OBRIGATORIAMENTE debe cambiar os contrasinais dos dez usuarios no mesmo arquivo que modificou a conta de "profe".

Por exemplo para o primeiro alumno:

```
$slogin_user[3]="student1";
$slogin_pass[3]="stu01";
$slogin_name[3]="Student 1";
$slogin_curs[3]="3";
$slogin_grup[3]="A";
$slogin_profe[3]="Teacher 01";
```

Debe de cambiar na liña `$slogin_user[3]="student1"` o nome de Student1 polo nome do usuario do seu alumno/a. A continuación na liña `$slogin_pass[3]="stu01";` o contrasinal "`student1`" por outra que pode convir co alumnado, recorde manter as comiñas. É conveniente recordar aos usuarios (alumnos/as) que estes contrasinais son privados e que non deben de facilitarllos a ninguén.



Se o desexa pode tamén cambiar a liña correspondente ao curso (`curs`), ao grupo (`grup`) e engadir o nome do profesor/a (`profe`).

Repita a operación para os outros nove alumnos e finalmente garde o arquivo.

Xa pode subir a carpeta da unidade ó seu servidor.

Unha vez colocada a carpeta no servidor comprobe que pode acceder con cada un dos usuarios.

Se hai algún erro comprobe novamente o arquivo que se acaba de modificar.

Se todo foi ben, **falta un último detalle** para que o alumnado poida subir as súas imaxes e colocar os seus textos: localice NO SERVIDOR a carpeta "**ardoraWorkFiles**", nesta carpeta é onde se van gardar os textos de cada alumno, a esta carpeta debemos poder **dar permisos de lectura e escritura para todos os usuarios (CHMOD777)** calquera programa de FTP permite facer isto dunha forma moi sinxela, por exemplo, en "**Filezilla**" (se non coñece outro, este é máis que aceptable, ademais é gratuíto) basta facer clic co botón dereito enriba da carpeta "ardoraWorkFiles" situada xa no servidor e **seleccionar permisos de arquivo** na ventá que aparece deben estar marcada todas as casas, verá que en "valor numérico" aparece un 777, **NON esqueza marcar tamén a casa "Incluír todos os subdirectorios"** e neste caso marcar a opción "Aplicar a todos os ficheiros e directorios" (observe a imaxe).

7.- Instalación nunha intranet local con Linux:

Outra opción é subir a carpeta coa unidade á intranet do seu centro. Unha intranet non é máis que un internet local, un sitio web privado ao que se pode acceder dende un equipo conectado á rede local. Unha boa opción é crear esa intranet cun servidor Linux. Para iso debe seguir os seguintes pasos:

1.- Instalar o Sistema Operativo Linux nun aparello relativamente potente.

2.- Configuralo cunha IP estática para que teña acceso a Internet.

3.- Instalar o Apache e tomar nota da carpeta raíz (soe ser ...../htdocs)

4.- Configurar os equipos clientes (Windows) de xeito que todos teñan o mesmo grupo de traballo e estean conectados á rede local cunhas IPs que estean no mesmo rango que a do servidor (Por exemplo, se o servidor ten unha IP: 10.41.68.79, as dos clientes deberán ser ... 10.41.68.XX cambiando só o último grupo de cifras).

5.- Instalar Samba asociándoo con ese grupo de traballo. Unha vez instalado Samba, desde os equipos clientes abrir o administrador de arquivos e ir a "Entorno de rede" para comprobar que temos acceso á carpeta compartida do servidor.

6.- Copiar a carpeta que contén a unidade no servidor dentro da carpeta raía do Apache: “.../htdocs” e a poder ser crear unha páxina web cunha ligazón ao HTM que lance o paquete.

IMPORTANTE: debe dar permisos de lectura e escritura á carpeta raíz do servidor logo de ter copiado nela a carpeta que contén a unidade.

7.- Acceder desde un cliente tecleando na barra de direccións do navegador http://ipdoservidor e comprobar que funciona.

NOTA: Para efectuar a instalación pode optar por facelo mediante un asistente como Yast ou ben levala a cabo directamente dende o terminal.

Palmeira, 8 de xuño de 2019